

subvencións a escolas de música dependentes de institucións sen ánimo de lucro.

Valoradas as solicitudes e elevada a proposta de concesión destas subvencións pola comisión constituída segundo o punto sétimo da orde de convocatoria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Concederlles as subvencións, nas contías que se sinalan, ás escolas de música dependentes de institucións sen ánimo de lucro que se relacionan no anexo I a esta orde.

Segundo.-Desestimar as solicitudes presentadas polas escolas de música dependentes de institucións sen ánimo de lucro que se relacionan no anexo II, polas causas que se indican.

Terceiro.-Para facer efectivo o pagamento das subvencións, os beneficiarios presentarán na Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial, antes do 12 de decembro de 2007, a xustificación completa dos gastos realizados, segundo o disposto no punto décimo da orde de convocatoria.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), ou ben poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE do 14 de xullo).

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

SOLICITANTE	CONCELLO	IMPORTE
BANDA ESCOLA UNIÓN CULTURAL	CAMPO LAMEIRO	1.410,18 €
CAMPO LAMEIRO		
ESCOLA DE MÚSICA E DANZA DE CHANTADA	CHANTADA	1.889,95 €
ESCOLA DE MÚSICA DA BANDA DE LALÍN	LALÍN	4.000,00 €
ESCOLA DE MÚSICA DE MOS	MOS	4.000,00 €
ESCOLA DE MÚSICA DE SALCEDO	PONTEVEDRA	3.757,68 €
ESCOLA DE MÚSICA AGRUPACIÓN MUSICAL DO ROSAL	O ROSAL	4.000,00 €
ASOC. AMIGOS DA MÚSICA DE SALCEDA DE CASELAS	SALCEDA DE CASELAS	3.486,42 €
ESCOLA DE MÚSICA DE VISANTOÑA	SANTISO	2.305,16 €
SOC. RECREATIVA SAN XOÁN DE CALO	TEO	3.636,05 €
ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE VEDRA	VEDRA	2.827,99 €
ESCOLA DE MÚSICA ATLÁNTIDA DE MATAMÁ	VIGO	4.000,00 €
BANDA ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE	VIGO	4.000,00 €
TOTAL		39.313,43 €

ANEXO II

SOLICITANTE	CONCELLO	CAUSA DE DENEGACIÓN
SOC. DE AMIGOS DA BANDA DE MÚSICA DE VILANOVA	CELANOVA	PRESENTACIÓN FÓRA DE PRAZO
ESCOLA DE GAITAS SAN MARTIÑO DE QUIROGA	QUIROGA	NON REXISTRADA NA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
ESCOLA DE MÚSICA DE BUEU	BUEU	NON REXISTRADA NA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 14 de novembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria da do 8 de xuño para a concesión de subvencións a escolas de música públicas.

Por Orde do 8 de xuño de 2007 (DOG do 25 de xuño) publicouse a convocatoria para a concesión de subvencións a escolas de música públicas.

Valoradas as solicitudes e elevada a proposta de concesión destas subvencións pola comisión constituída segundo o punto sétimo da orde de convocatoria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Concederlles as subvencións, nas contías que se sinalan, ás escolas de música públicas que se relacionan no anexo I a esta orde.

Segundo.-Desestimar as solicitudes presentadas polas escolas de música públicas que se relacionan no anexo II, polas causas que se indican.

Terceiro.-Para facer efectivo o pagamento das subvencións, os beneficiarios presentarán na Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial, antes do 12 de decembro de 2007, a xustificación completa dos gastos realizados, segundo o disposto no punto décimo da orde de convocatoria.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, e de conformidade cos artigos 44 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE do 14 de xullo), os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta publicación.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

ESCOLA DE MÚSICA	CONCELLO	IMPORTE
E.M. DE MÚSICA DE ARZÚA	ARZÚA	3.913,20 €
E.M. DE MÚSICA DE BAIONA	BAIONA	6.012,18 €
E. M. DE MÚSICA DA BAÑA	A BAÑA	3.314,73 €
E.M. DE MÚSICA DE BARBADÁS	BARBADÁS	9.846,67 €
E.M. DE MÚSICA DE BURELA	BURELA	6.121,06 €
E.M. DE MÚSICA DE CABANA DE BERGANTIÑOS	CABANA DE BERGANTIÑOS	5.026,65 €
E.M. DE MÚSICA DE CALDAS DE REIS	CALDAS DE REIS	7.157,83 €
E.M. DE MÚSICA DE CAMBADOS	CAMBADOS	8.875,37 €
E.M. DE MÚSICA MESTRE INOCENTES CAMAÑO	CANGAS	11.337,79 €
E.M. DE MÚSICA DO CARBALLIÑO	O CARBALLIÑO	6.234,94 €
E.M. DE MÚSICA DE CARNOTA	CARNOTA	5.210,71 €
E.M. DE MÚSICA DE CATOIRA	CATOIRA	5.867,84 €
E.M. DE MÚSICA DE CEE	CEE	10.835,00 €
E.M. DE MÚSICA DE CHANTADA	CHANTADA	11.530,98 €
E.M. DE MÚSICA DA CORUÑA	A CORUÑA	29.609,53 €
E.M. DE MÚSICA DA ESTRADA	A ESTRADA	5.756,04 €
E.M. DE MÚSICA DE FORCAREI	FORCAREI	4.992,97 €
E.M. DE MÚSICA DE FORNELLOS DE MONTES	FORNELLOS DE MONTES	2.922,36 €
E.M. DE MÚSICA DE GUITIRIZ	GUITIRIZ	5.156,02 €
E.M. DE MÚSICA DE MACEDA	MACEDA	4.181,09 €
E.M. DE MÚSICA MAESTRO LANDÍN	MARÍN	9.423,66 €
E.M. DE MÚSICA DE MEIRA	MEIRA	5.471,40 €
E.M. DE MÚSICA DE MOAÑA	MOAÑA	5.236,34 €
E.M. DE MÚSICA DE MONDARIZ	MONDARIZ	7.697,86 €
E.M. DE MÚSICA O PALLAREGO	MONDOÑEDO	7.487,86 €
E.M. DE MÚSICA E DANZA DE MONFORTE	MONFORTE DE LEMOS	13.190,45 €
E.M. DE MÚSICA DE MORAÑA	MORAÑA	2.383,65 €
E.M. DE MÚSICA DE MUROS	MUROS	6.200,86 €
E.M. DE MÚSICA DAS NEVES	AS NEVES	4.275,60 €
E.M. DE MÚSICA A FÁBRICA	OLEIROS	15.293,85 €
E.M. DE MÚSICA DE ORDES	ORDES	4.473,64 €
E.M. DE MÚSICA DA PASTORIZA	A PASTORIZA	5.021,36 €
E.M. DE MÚSICA DA POBRA DE TRIVES	A POBRA DE TRIVES	5.671,49 €
E.M. DE MÚSICA VILA DO CORPUS	PONTEAREAS	10.187,07 €
E.M. DE MÚSICA DE PONTENOVA	A PONTENOVA	6.249,61 €
E.M. DE MÚSICA DO PORRIÑO	O PORRIÑO	8.525,19 €
E.M. DE MÚSICA DE PORTO DO SON	PORTO DO SON	5.116,72 €
E.M. DE MÚSICA DE RIBADAVIA	RIBADAVIA	5.428,73 €
E.M. DE MÚSICA E DANZA DE RIBADEO	RIBADEO	15.641,24 €
E.M. DE MÚSICA DE RIBAS DE SIL	RIBAS DE SIL	3.765,25 €
E.M. DE MÚSICA DE ROIS	ROIS	2.915,27 €
E.M. DE MÚSICA DE SAN CIBRAO	SAN CIBRAO DAS VIÑAS	4.537,58 €
E.M. DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMP.	SANTIAGO DE COMPOSTELA	10.319,25 €
E.M. DE MÚSICA LIED-EM	SANXENXO	9.914,98 €
E.M. DE MÚSICA DE SARRIA	SARRIA	7.229,84 €
E.M. DE MÚSICA DE SILLEDA	SILLEDA	9.178,56 €
E.M. DE MÚSICA DE SOBER	SOBER	7.844,61 €
E.M. DE MÚSICA DE TABOADA	TABOADA	4.829,25 €
E.M. DE MÚSICA DE TUI	TUI	11.666,85 €
E.M. DE MÚSICA DE VALGA	VALGA	8.521,25 €
E.M. DE MÚSICA DE VIGO	VIGO	18.668,64 €
E. M. DE MÚSICA DE VILA DE CRUCES	VILA DE CRUCES	10.585,12 €
E.M. DE MÚSICA BERNARDO DEL RÍO	VILAGARCÍA DE AROUSA	22.144,01 €
TOTAL		429.000,00 €

ANEXO II

ESCOLA DE MÚSICA	CONCELLO	CAUSA DE DENEGACIÓN
E. M. DE MÚSICA DE AGOLADA	AGOLADA	PRESENTACIÓN FÓRA DE PRAZO
E. M. DE MÚSICA DE ARTEIXO	ARTEIXO	NON REXISTRADA NA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
E.M. DE MÚSICA DO BARCO	O BARCO DE VALDEORRAS	RENUNCIA Á SOLICITUDE PRESENTADA
E. M. DE MÚSICA DE MONFERO	MONFERO	NON REXISTRADA NA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
E. M. DE MÚSICA DE ARTES E OFICIOS	VIGO	NON REXISTRADA NA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Resolución do 31 de outubro de 2007, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se dispón a publicación do acordo de encomenda de xestión entre a Consellería de Innovación e Industria e o Instituto Enerxético de Galicia, para a realización do informe de cumprimento dos plans eólicos empresariais.

A Consellería de Innovación e Industria e o Instituto Enerxético de Galicia subscribiron, con data do 30 de outubro de 2007, un acordo polo que se lle encomenda ao devandito instituto a elaboración do informe de cumprimento dos plans eólicos empresariais.

Para xeral coñecemento, en cumprimento do disposto no punto 3º do artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dispónse a súa publicación como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2007.

Anxo R. Calvo Silvana

Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

ANEXO

Acordo de encomenda de xestión entre a Consellería de Innovación e Industria e o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), para a realización do informe de cumprimento dos plans eólicos empresariais.

COMPARECEN:

Dunha parte, Fernando X. Blanco Álvarez, conselleiro de Innovación e Industria, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Xoán Ramón Doldán García, director do Instituto Enerxético de Galicia, actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo 8 da Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación do Instituto Enerxético de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que, para convir no nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN:

Primeiro.-Segundo o Decreto 231/2006, do 23 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación e Industria, correspóndelle á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas a planificación, seguimento e control das competencias e funcións da consellería en materia de industria, seguridade industrial, solo industrial, metroloxía, metais, enerxía e minas.